


Guía Fácil

Protocolo fronte ás violencias
sexuais e o acoso por razón
de sexo, orientación sexual
e identidade ou expresión
de xénero na USC

A que lle chamamos agresión sexual, acoso sexual, acoso por razón de sexo, acoso por orientación sexual e acoso por identidade ou expresión de xénero?



AGRESIÓN SEXUAL

É calquera acto que atente contra a liberdade sexual doutra persoa sen o seu consentimento. Só se entende que hai consentimento cando se teña manifestado mediante actos que, en atención ás circunstancias do caso, expresen de maneira clara a vontade da persoa. Considéranse agresións sexuais en todo caso os actos de contido sexual que se realicen empregando violencia, intimidación ou abuso dunha situación de superioridade ou vulnerabilidade das vítimas, así como os que se executen sobre persoas que estean privadas de sentido ou de cuxa situación mental se abusase e os que se realicen cando a vítima teña anulada por calquera causa a súa vontade.?

ACOSO SEXUAL

É calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

ACOSO POR RAZÓN DE SEXO

É calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou co efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

ACOSO POR ORIENTACIÓN SEXUAL




É calquera comportamento realizado pola orientación sexual dunha persoa co propósito ou co efecto de atentar contra a súa dignidade e crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

ACOSO POR IDENTIDADE OU EXPRESIÓN DE XÉNERO




É calquera comportamento realizado pola identidade ou expresión de xénero dunha persoa co propósito ou co efecto de atentar contra a súa dignidade e crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.







Estou sendo vítima de agresión sexual, acoso sexual, acoso por razón de sexo, acoso por orientación sexual ou acoso por identidade ou expresión de xénero?

ES VÍTIMA DE AGRESIÓN SEXUAL SE:


-  Outra persoa te obriga a participar de calquera tipo de práctica sexual non desexada nin consentida por ti empregando a violencia, tanto física como psicolóxica (forza física, intimidación, presión, chantaxe, coacción, etc.).
-  Se se produce calquera acto que atente contra a liberdade sexual sen o teu consentimento.
-  Outra persoa che fai caricias ou tocamentos ou che dá bicos sen o teu consentimento.

ES VÍTIMA DE ACOSO SEXUAL SE OUTRA PERSOA:

-  Che fai invitacións reiteradas e insistentes tanto directas como indirectas relativas á posibilidade de manter relacións sexuais contigo.
-  Te ameaza con perder un dereito ou unha expectativa de dereito laboral ou académico para obter favores sexuais.
-  Fai comentarios obscenos ou groseiros relativos ao sexo en xeral ou á túa persoa en particular, especialmente se son reiterados, inoportunos ou criticados previamente por ti ou polas persoas ás que van dirixidos ou coas que se comparten.

-  Fai chistes, bromas ou observacións sobre cuestións da túa vida privada sexual coa intención ou o efecto de molestar e acosarte.
-  Envía mensaxes con contido sexual ofensivo por calquera medio de comunicación a distancia ou a través de redes sociais.
-  Coloca nos espazos da universidade debuxos, escritos ou fotografías de contido sexual, con contidos ofensivos ou discriminatorios.
-  Te vixía ou observa de maneira continuada e inxustificada, especialmente en lugares privados.
-  Te persegue de maneira directa ou simulada coa intención de convencerte para manter relacións sexuais.
-  Realiza calquera acto físico con clara intención sexual ou de acoso, especialmente se manifestas un rexeitamento inequívoco a tal tipo de contacto.

ES VÍTIMA DE ACOSO POR RAZÓN DE SEXO SE OUTRA PERSOA:

-  Te trata de maneira desfavorable ou degradante debido ao teu embarazo ou ao permiso por maternidade ou polo goce dos dereitos de conciliación da vida laboral e familiar.

- ☹ Descualifica de maneira reiterada ás mulleres ou ten un trato ofensivo cara a elas, polo mero feito de seren mulleres.
- ☹ Te ridiculiza por asumires tarefas tradicionalmente asociadas a outro sexo.
- ☹ Toma represalias derivadas da presentación de reclamacións ou recursos destinados a facer valer o teu dereito á non discriminación por razón de sexo.

ES VÍTIMA DE ACOSO POR ORIENTACIÓN SEXUAL E POR IDENTIDADE OU EXPRESIÓN DE XÉNERO SE OUTRA PERSOA:

- ☹ Ten condutas que, en función da túa orientación sexual, teñen por obxecto ou efecto a creación dun ambiente hostil.
- ☹ Ten comportamentos que contribúen a crear ou reproducir unha percepción pexorativa de calquera orientación sexual distinta da heterosexual.
- ☹ Menospreza as túas capacidades, habilidades e potencial intelectual, emocional ou físico ou te trata de maneira ofensiva debido á túa orientación sexual.
- ☹ Insúltate, emprega termos despectivos ou burlase de ti por formares parte do colectivo LGTBQIA+, ou por ser percibida como tal.

- ☹ Toma represalias derivadas da presentación de reclamacións ou recursos destinados a facer valer o teu dereito á non discriminación por razón de orientación sexual.

ES VÍTIMA DE ACOSO POR IDENTIDADE OU EXPRESIÓN DE XÉNERO SE OUTRA PERSOA:

- ☹ Ten condutas que, en función da túa identidade ou expresión de xénero, teñen por obxecto ou efecto a creación dun ambiente hostil.
- ☹ Ridiculiza o teu modo de falar, modais e outras formas de expresión de xénero.
- ☹ Te trata de maneira ofensiva pola túa expresión ou identidade de xénero.
- ☹ Se nega a nomearte co pronome co que te identificas.
- ☹ Non se refire a ti polo teu nome escollido.
- ☹ Te insulta, emprega termos despectivos ou burlase de ti por formares parte do colectivo LGTBQIA+, ou por ser percibida como tal.
- ☹ Toma represalias derivadas da presentación de reclamacións ou recursos destinados a facer valer o teu dereito á non discriminación por razón de identidade ou expresión de xénero.



NOTA: Os comportamentos relacionados serven para ilustrar a actuación das persoas competentes no ámbito do Protocolo, sen a vontade de limitar a súa tipoloxía.

Que podo facer se estou nalgunha das situacións nomeadas anteriormente ou se sei dalgunha persoa que as sufra?



Podes botar man do Protocolo fronte ás violencias sexuais e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade ou expresión de xénero na USC.

Dende outubro de 2024 USC dispón deste Protocolo que busca facer da Universidade un espazo seguro e nace cos obxectivos de:

INFORMAR, FORMAR E SENSIBILIZAR A TODA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA.

ESTABLECER UN PROCEDEMENTO ÁXIL E EFICAZ PARA ACTUAR CON GARANTÍAS NOS CASOS DE ACOSO.

A quen protexe este Protocolo e cal é o seu ámbito de actuación?

O protocolo cobre as situacións de acoso que sofre calquera dos seguintes colectivos:

Aplicarase o protocolo cando esas condutas se produzan en calquera centro da USC ou nun espazo físico ou virtual inscrito no seu ámbito organizativo e funcional.



Estudantado de titulacións oficiais e propias, de centros propios e adscritos nas titulacións que imparta a USC.



Persoal docente e investigador (PDI).



Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS).



Persoal investigador (PEI).

Podo realizar consultas ou solicitar información de maneira anónima antes de denunciar?



Si, tanto as presuntas vítimas como as persoas coñecedoras de posibles situacións incluídas neste Protocolo, poderán realizar consultas ou solicitar información antes de interpoñer unha denuncia.

A xestión destas consultas corresponderá á OIX a través dunha canle segura na páxina web que garantirá o anonimato, tanto nos contidos remitidos como nos sistemas de transmisión telemática.



Quen pode denunciar?

A persoa ou persoas afectadas (presunta vítima ou vítimas no caso de que sexan varias).

Unha terceira persoa que non terá a condición de parte no procedemento.

Unha entidade representativa dos traballadores e traballadoras (sindicato) ou do estudantado (asociación estudantil debidamente constituída).

Como podo interpoñer unha denuncia?

Poderás interpoñer unha denuncia a través da Sede Electrónica da USC ou por calquera dos medios previstos na lexislación reguladora do

Tamén pode iniciarse o procedemento de oficio cando se detecten posibles casos dos comprendidos neste Protocolo, como consecuencia de actuacións ordinarias da USC tales como a análise de riscos psicosociais.

En caso de que a denuncia non sexa presentada directamente pola persoa afectada, debe recadarse o seu consentimento expreso e informado para iniciar as actuacións do Protocolo.

procedemento administrativo.

Na Sede Electrónica tes á túa disposición un formulario específico para presentares a denuncia.

A denuncia garante a confidencialidade e intimidade?

Toda persoa que teña competencia nas distintas fases do procedemento está obrigada a gardar segredo e protexer os expedientes tramitados.

De igual maneira, toda persoa que teña competencia nas distintas fases do procedemento está obrigada a actuar respectando a dignidade, honor e demais dereitos fundamentais das partes.

E se decido denunciar, estarei acompañada no proceso?

Si, e existen diferentes mecanismos:

Poderás contar co asesoramento da Oficina de Igualdade de Xénero (OIX), que ademais tamén coordina, xestiona e dá seguimento.

Vas poder solicitar a designación dunha persoa da comunidade universitaria para que actúe

como interlocutora coas distintas instancias da USC. Esta persoa poderá solicitar información sobre os distintos procedementos e propoñer medidas que eviten expoñerte publicamente e revitimizarte.

Tamén poderás solicitar apoio da Unidade de Atención Psicolóxica, achegando a súa avaliación ao proceso.

E se decido denunciar, como me protexerá o Protocolo?

Dende a recepción da denuncia, a OIX e, no seu caso, a Comisión para a atención aos casos de violencias sexuais, e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade ou expresión de xénero (CAVISA), ou as persoas en que delegue, poderán propoñer a adopción de medidas cautelares en tanto se tramite o procedemento.

As medidas serán solicitadas ao reitor ou á reitora no caso de que se estime a existencia dun risco grave e inmediato para a integridade

física ou psíquica da vítima. O incidente sobre medidas cautelares será obxecto de tramitación preferente e urxente, e toda a comunidade universitaria colaborará para facelas efectivas.

Terán a consideración de medidas cautelares para o persoal da USC, entre outras, o traslado temporal de posto de traballo ou a modificación e adaptación do encargo docente. No caso de que afecten ao estudantado terán esta consideración os cambios de quenda, de grupo de docencia ou concesión de dispensas de asistencia a clase.

Que pasa a partir da presentación da denuncia?

A denuncia farase chegar á CAVISA, que nun prazo de sete días valorará os feitos denunciados e decidirá se procede ou non a admisión da denuncia a trámite.

A quen lle corresponde determinar a existencia ou non de agresión sexual, acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade ou expresión de xénero?

Correspóndelle á CAVISA, a cal estará composta por 5 persoas designadas polo Consello de Goberno a proposta do reitor ou reitora, pertencentes aos sectores do PDI, PEI e PTXAS e que contarán con coñecementos en materia de violencias sexuais, acoso por razón de sexo,

Que ocorre se a denuncia non é admitida como acoso?

A CAVISA, xustificadamente, poderá acordar a inadmisión a trámite cando aprecie que as condutas descritas ou as persoas implicadas non se inclúen no ámbito obxectivo ou subxectivo de aplicación deste Protocolo.

Se a denuncia foi presentada por unha terceira persoa, a presidencia da CAVISA faralle chegar á presunta vítima ou vítimas o contido da denuncia para que a ratifique. Se non a ratifica, arquivarase a denuncia. Este arquivo non impide que a presunta vítima ou vítimas poidan formular persoalmente unha denuncia nos termos que considere.


de orientación sexual e identidade ou expresión de xénero, e pertencerán preferentemente ás áreas de prevención de riscos, educación, psicoloxía, medicina e dereito.

Cando nun procedemento algunha das partes (denunciante ou denunciada) sexan estudantes, engadiranse á CAVISA dúas persoas pertencentes ao sector do estudantado, designadas polo Consello de Goberno a proposta do reitor ou reitora.

Neste acoso, o acordo de inadmisión será comunicado pola presidencia da CAVISA á persoa que conste como presunta vítima na denuncia, nos dous días hábiles seguintes á súa adopción.

PASOS E PRAZOS

Cales son os pasos e prazos do Protocolo e até onde chega o seu ámbito de actuación? ↓



*Proposta de resolución sobre a existencia ou inexistencia dunha conduta de agresión sexual, acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade ou expresión de xénero.

**Reitoría tomará a decisión sobre a posible apertura de expediente disciplinario ou a remisión do actuado ao Ministerio Fiscal.

A declaración de existencia ou inexistencia de agresión sexual, acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade ou expresión de xénero é o último paso onde pode chegar o Protocolo, a partir de aquí pónense en marcha os mecanismos propios da Universidade.

A declaración de inexistencia dalgunha das condutas descritas neste Protocolo procederá nos seguintes casos:

- Cando non exista proba suficiente da existencia da conduta denunciada.
- Cando os feitos non merezan, a xuízo da CAVISA, o cualificativo de acoso nos termos establecidos neste Protocolo e na lexislación xeral.

No caso de que a CAVISA aprecie a existencia de mala fe na denuncia ou constatase a achega de datos, probas ou testemuños falsos, proporá ao reitor ou reitora a apertura do correspondente expediente disciplinario.

A CAVISA, cando o considere procedente, poderá proporcionar pautas de actuación para evitar a consumación dun comportamento de acoso.

Declaración da existencia dalgunha das condutas descritas neste Protocolo:

No caso de declaración da existencia dalgunha das condutas descritas neste Protocolo, coa maior brevidade posible, o reitor ou a reitora tomará a decisión sobre a posible apertura de expediente disciplinario ou a remisión do caso ao Ministerio Fiscal.

- No caso de apertura de expediente disciplinario, será tramitado consonte a normativa aplicable en función da condición de estudante, PTXAS, PDI ou PEI da persoa denunciada. De apreciarse a comisión da infracción, rematará coa imposición por resolución reitoral da sanción correspondente.
- No caso de remisión do caso ao Ministerio Fiscal, ata o remate do proceso xudicial non poderá tomarse decisión ningunha sobre a apertura dun expediente disciplinario.

